



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Sección de Promoción Económica e Emprego
Ref.: FOENAA/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A ENTIDADES E ASOCIACÍONS EMPRESARIAIS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2024 (FOENAA)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Mediante resolución da Presidencia número 51912 de 13 de decembro de 2024, publicada no BOP do 17 de decembro de 2024 procedeuse a conceder, de forma provisional, as subvencións da convocatoria do programa de subvencións dirixido *a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024 (FOENAA)* abrindo un prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación ou de cambio de obxecto da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 5 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expreso, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

SEGUNDO.- Polos seguintes solicitantes presentáronse alegacións no prazo indicado:

- **Asociación Cultural Orixes da Montaña**
NIF:G15923790

Baséase a súa alegación que non debe ser motivo de exclusión que a entidade leve no seu nome a palabra cultural e que nos seus estatutos recollen finalidade de promoción económica do entorno veciñal. Indica tamén como fundamento da alegación que “a súa actividade é acorde á convocatoria, xa que a feira dos oficios da montaña realízase para a promoción de artesáns e comercio”.

Respecto do carácter cultural, inclúense nos seus estatutos achegados na plataforma, como un dos seus fins a realización da actividade alegada, pero dos

mesmos tamén resulta o carácter cultural da entidade, que non só deriva da súa denominación, senón tamén da maior parte dos fins da entidade recollidos no seu artigo 3, que cita entre outros (sen carácter exhaustivo): a “realización de concursos, certames e competicións deportivas, literarias, folclóricas e culturais en xeral...celebración das letras galegas no noso concello..exaltación de artistas..realización de obradoiros e xornadas culturais..., actividades veciñais”.

A Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria exclúe, entre outras (as veciñais..), as asociacións culturais. Tampouco é unha entidade que forme parte dos ámbitos previstos: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

- **Asociación Clúster gallego de la industria y servicios de apoyo al desarrollo de las energías renovables y la sostenibilidad energética (CLUERGAL):**
NIF:G70284120

Baséase a súa alegación en que a actividade desenvolta ten encaixe no obxecto da convocatoria.

Indica a entidade que “ *o proxecto, consiste na celebración dun Congreso sobre aforro enerxético, enerxías renovables e novas tecnoloxías... que se fixa coma obxectivo promover lugares de encontro e debate entre todos os axentes do sector en Galicia, impulsar a colaboración e potenciar as capacidades das empresas, apoiar o desenvolvemento da industria e servizos vinculados a este sector, promover a innovación e a competitividade e fomentar e desenvolver estruturas formativas coa finalidade de mellorar a capacitación e profesionalización dos recursos humanos do sector.* “.

A memoria da entidade presentada inclúe como obxectivos, entre outros “*promover a xeración enerxética a través de fontes renovables...promover a adopción por empresas de sistemas de eficiencia enerxética...fomentar a cultura do aforro enerxético nas empresas e por parte dos profesionais...*”; obxectivos que parecen ter máis cabida noutros obxectivos e obxectos que non son os propios da promoción económica de exaltación de produtos, festas, comercio local, hostalería, feiras artesás, e ter máis ben cabida noutros programas de convocatorias adicadas a promoción de fontes renovables, culturas do medio ambiente, etc. Así mesmo, cómpre indicar que restrinxe os destinatarios do congreso aos investigadores e profesionais do sector enerxético en Galicia, e entre outros, profesores e estudantes de ciclos medios e universidade.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

- **Colexio oficial de enxeñeiros navais e oceánicos:**
NIF: Q2870003G

Baséase a súa alegación en que a actividade desenvolta ten encaixe nos obxectivos xenéricos previstos na base 1.1 das específicas da convocatoria.

A entidade indica na súa memoria que “os obxectivos que se perseguen coas Sesións Técnicas COIN-EPEF son principalmente, os de complementar os estudos de Enxeñería Naval e Oceánica, tratando de acercar aos alumnos da escola ao mundo laboral. Os obxectivos que se perseguen coa Xornada “A muller na Enxeñería Naval” son ser fonte de inspiración persoal e profesional para nenas, rapazas e mulleres incluso de outros ámbitos e sectores...”

Reitérase o sinalado na concesión provisional que “a actividade solicitada non está dentro dos obxectivos da convocatoria”. A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos e obxecto da convocatoria.

Por unha banda, da memoria presentada resulta que non se fomenta a participación da cidadanía no seu conxunto, senón que vai dirixida a colectivo especializado nesta ciencia ou técnica.

E a respecto da xornada, e a súa alegación como igualdade de xénero, é preciso indicar que aínda que puidera incluírse este tipo de obxectivo na área de Promoción económica, Turismo e Emprego, non está dentro do obxecto a subvencionar por este programa de subvencións, que é á organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. En concreto, trátase de subvencionar as “accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e distribución”.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

- **Asociación de empresarios Abesai**
NIF: G70610894

Baséase a súa alegación en que a actividade desenvolta ten encaixe no obxecto da convocatoria, por entenderse a formación como unha palanca básica para o desenvolvemento económico e o fomento do emprego.

A entidade fai unha asimilación entre cursos de formación e seminarios, agora ben, os cursos concretos para os que se solicita non teñen cabida dentro da actividade de organización de seminarios de promoción económica, xa que os seminarios son reunións onde se desenvolve en profundidade un tema determinado que xeralmente abarca cuestións de ensino e actualización cara aos asistentes, e os cursos de formación que se solicitan son cursos de profesionalización dirixidos a colectivos concretos como operador de carretilla, ponte-guindastre, etc.

A formación tal e como está solicitada na memoria pola entidade non está dentro do obxecto a subvencionar por este programa de subvencións, xa que as actividades a subvencionar son:· Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa

promoción económica da provincia. · Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. · Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).

A respecto da solicitude de reformulación, só sería posible no caso de considerarse beneficiario da subvención (vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña).

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional.

- **Asociación de comerciantes e profesionais Noia Histórica**
NIF: G15871189

Baséase a súa alegación na modificación do importe de subvención

A concesión provisional fíxose de acordo aos criterios de valoración recollidos na Base 7 e orzamento previsto na convocatoria, atendendo os límites mínimos e máximos que figuran na convocatoria. As propias Bases específicas indican que a selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos e de acordo aos baremos establecidos na convocatoria.

Desestímase a alegación xa que non se desvirtúa a fundamentación da concesión provisional e o importe concedido, xa que non se efectúa ningunha alegación concreta mais que solicitar un incremento do importe concedido.

TERCEIRO.- Analizada a documentación aportada polos solicitantes no devandito prazo procede aprobar a reformulación presentada pola entidade Asociación de Empresarios de Santa Comba.

Vistos os antecedentes sinalados, así como as disposicións legais de aplicación e os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións correspondentes ao programa de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024 (FOENAA) seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Presuposto Subvencionado que se ha xustificar
--------------------	---------------------------	--------------------	--

Beneficiario: ACOF-CENTRO COMERCIAL ABERTO FERROL-A MAGDALENA NIF: V15145501 Cod. Exp.: 2024000031289 Obxecto: ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E PROMOCION DO PEQUENO COMERCIO E DA HOSTELERÍA DE FERROL NO ANO 2024	10.800,00€	0,8000	13.500,00€
Beneficiario: ARTEIXO CENTRO COMERCIAL ABERTO NIF: G15700818 Cod. Exp.: 2024000031156 Obxecto: Actividades de dinamización comercial e promoción do pequeno comercio e hostalaría de Arteixo	21.000,00€	0,8000	26.250,00€
Beneficiario: ASOC PUNTO COMPOSTELA CCA NIF: G70571971 Cod. Exp.: 2024000029574 Obxecto: O obxecto da solicitude é o apoio ao comercio local de Santiago de Compostela a través de actividades de promoción, difusión e animación	20.997,47€	0,8000	26.246,84€

Beneficiario: ASOCIACION BOIRENSE DE EMPRESARIOS Y PROFESIONALES AUTONOMOS NIF: G15326820 Cod. Exp.: 2024000029404 Objeto: ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO	21.000,00€	0,8000	26.250,00€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO COMERCIAL ABERTO CARBALLO NIF: G15852148 Cod. Exp.: 2024000029440 Objeto: Actividades 2024 CCA Carballo	21.000,00€	0,8000	26.250,00€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS ECONOMICAS E SOCIAIS DE FERROL NIF: G70605811 Cod. Exp.: 2024000030053 Objeto: V EDICIÓN DE FERROL, CIDADE ABERTA AO MUNDO DAS EXPRESIÓNS.	20.250,00€	0,7787	26.004,88€
Beneficiario: ASOCIACION CENTRO DE INICIATIVAS TURISTICAS,ECONOMICAS E SOCIAIS DE GALICIA NIF: G09844549 Cod. Exp.: 2024000029821 Objeto: III EDICIÓN DE SABORES DA CORUÑA	15.600,00€	0,7792	20.020,53€

Beneficiario: ASOCIACION COMERCIANTES DE TEIXEIRO NIF: G70428206 Cod. Exp.: 2024000031251 Obxecto: CAMPAÑA DO NADAL	4.600,00€	0,8000	5.750,00€
Beneficiario: ASOCIACION COMERCIANTES HOSTALEIROS E EMPRESARIOS PONTESES NIF: G15155641 Cod. Exp.: 2024000030026 Obxecto: SEMINARIO MOTIVACIONAL "CLAVES DO ÉXITO EMPRESARIAL II"	5.130,00€	0,8000	6.412,50€
Beneficiario: ASOCIACION COMERCIO, HOSTALERIA E SERVIZOS DE FENE O CRUCEIRO NIF: G70170162 Cod. Exp.: 2024000031287 Obxecto: PROMOCIÓN ACTIVIDADE ECONÓMICA DO COMERCIO LOCAL	3.900,00€	0,8000	4.875,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES DE CURTIS NIF: G70397872 Cod. Exp.: 2024000030539 Obxecto: CAMPAÑA DE NADAL (MONTAXE DO POBLADO NAVIDEÑO, MONTAXE DO BELÉN E MERCADO NAVIDEÑO)	10.400,00€	0,8000	13.000,00€

Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTORICA NIF: G15871189 Cod. Exp.: 2024000030235 Obxecto: Proxecto de Dinamización económica de Noia	9.120,00€	0,8000	11.400,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE COMERCIANTES Y EMPRESARIOS/AS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO NIF: G15153869 Cod. Exp.: 2024000029698 Obxecto: CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DO COMERCIO DE BETANZOS	17.100,00€	0,8000	21.375,00€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS COMERCIANTES Y TRABAJADORES AUTONOMOS POBRA DO CARAMIÑAL NIF: G15158199 Cod. Exp.: 2024000030414 Obxecto: Apoiar a realización dunha serie de eventos innovadores destinados a dinamizar a economía local	21.000,00€	0,8000	26.250,00€

Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE AGRELA NIF: G15032634 Cod. Exp.: 2024000030551 Obxecto: PROMOVER AGRELA COMO ÁREA COMERCIAL E POÑER EN VALOR E DAR A COÑECER AS SÚAS EMPRESAS	5.205,00€	0,7998	6.507,88€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE HOSTELERIA FERROL Y COMARCA NIF: G15092513 Cod. Exp.: 2024000031262 Obxecto: DINAMIZACION E FORMACIÓN PAR OS NOSOS ASOCIADOS	17.082,00€	0,8000	21.352,50€
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE NIF: G15246093 Cod. Exp.: 2024000030358 Obxecto: DESEÑO, EDICIÓN E DISTRIBUCIÓN DO XORNAL CERNE	21.000,00€	0,8000	26.250,00€

Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA NIF: G32369506 Cod. Exp.: 2024000029920 Obxecto: Local e Solidario: produtos e servizos que transforman vidas: Impulsar a economía local a través da difusión dos produtos e servizos ofertados polas Empresas de Inserción	4.196,71€	0,8000	5.245,89€
Beneficiario: ASOCIACION DE FESTEJOS POPULARES NIF: G15375199 Cod. Exp.: 2024000031157 Obxecto: EXALTACION DO VIÑO DA ULLA 2024	15.000,00€	0,5714	26.251,31€
Beneficiario: ASOCIACION DISTRITO MALLOS NIF: G15590961 Cod. Exp.: 2024000030862 Obxecto: Facilitar a promoción e dinamización do conxunto comercial e de servizos do CCA Distrito Mallos. Objectivos específicos Incentivar as vendas dos comercios que forman o CCA. Reducir a fuga de gasto, do noso público de referen	19.952,25€	0,7636	26.129,19€

Beneficiario: ASOCIACION EMPRESARIOS DE SANTA COMBA NIF: G15551104 Cod. Exp.: 2024000031067 Obxecto: ACTIVIDADES E CAMPAÑAS DE PROMOCIÓN DO COMERCIO E HOSTALERÍA LOCAL	19.500,00€	0,7997	24.384,14€
Beneficiario: ASOCIACION EMPRESARIOS E COMERCIANTES DE PORTOSIN NIF: G70440094 Cod. Exp.: 2024000031135 Obxecto: CAMPAÑA MERCA PORTOSIN 2024	3.380,00€	0,5778	5.849,78€
Beneficiario: ASOCIACION EM-REDE NIF: G70213830 Cod. Exp.: 2024000031113 Obxecto: INCENTIVAR E PROMOCIONAR O PEQUENO COMERCIO ASI COMO O COMERCIO DE PROXIMIDADE	3.959,85€	0,8000	4.949,81€
Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE APICULTURA NIF: G15077282 Cod. Exp.: 2024000028750 Obxecto: Xuntanza Abelleira e 39ª Mostra galega de apicultura	9.543,23€	0,8000	11.929,04€

Beneficiario: ASOCIACION GALEGA DE ARTESANOS NIF: G15128275 Cod. Exp.: 2024000031298 Obxecto: Feira Nadal 2024-25	18.060,00€	0,8000	22.575,00€
Beneficiario: ASOCIACION I'TICS NIF: G16839375 Cod. Exp.: 2024000028797 Obxecto: WEDDINGPACK SOLIDARIO `CÁSATE NO CAMIÑO¿. O EVENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, INCLUSIVO E ACCESIBLE DOS SECTORES DE VODAS DA PROVINCIA DA CORUÑA.	20.007,00€	0,7800	25.650,00€
Beneficiario: ASOCIACION OLEIRA DE BUÑO NIF: G15635980 Cod. Exp.: 2024000030077 Obxecto: A PROMOCION DOS INTERESES ECONOMICOS, SOCIAIS, PROFESIONAIS E CULTURAIS DA OLERIA DE BUÑO	6.809,37€	0,8000	8.511,71€
Beneficiario: ASOCIACION PARA A PROMOCION E CELEBRACION DE FEIRAS NIF: G13721832 Cod. Exp.: 2024000031066 Obxecto: LEVAR A CABO A FEIRA: CURTIS NA LEMBRANZA. AS FEIRAS DO 1900.	6.000,00€	0,8000	7.500,00€

Beneficiario: ASOCIACION REDE DE ECONOMIA ALTERNATIVA E SOLIDARIA DE GALICIA (REAS-GALICIA) NIF: G15957673 Cod. Exp.: 2024000030762 Obxecto: Impulsar, fortalecer e visibilizar unha nova rede alternativa de produción, distribución e consumo de bens e servizos de entidades e organizacións de Economía Social e Solidaria na provincia da Coruña.	9.524,94€	0,4721	20.175,68€
Beneficiario: ASOCIACION RIANXEIRA DE EMPRESARIOS NIF: G15260979 Cod. Exp.: 2024000029113 Obxecto: Actividades 2024	14.760,00€	0,8000	18.450,00€
Beneficiario: ASOCIACION XOVENES EMPRESARIOS BERGANTIÑOS NIF: G15394760 Cod. Exp.: 2024000031118 Obxecto: Financiación campaña publicidade e promoción do evento "Berocasion - Feira de Vehículos de Ocasión de Bergantiños".	6.592,20€	0,8000	8.240,25€

Beneficiario: CAMARA OFICIAL DE COMERCIO INDUSTRIA Y NAVEGACION A CORUÑA NIF: Q1573002A Cod. Exp.: 2024000029387 Obxecto: DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE IX EXPORPYMES, EVENTO DESTINADO A PROMOCION DAS EXPORTACIONS DAS EMPRESAS PARTICIPANTES	21.000,00€	0,8000	26.250,00€
Beneficiario: CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA EUME Y ORTEGAL NIF: G70199112 Cod. Exp.: 2024000030004 Obxecto: Actividades promoción empresarial	6.047,60€	0,8000	7.559,50€
Beneficiario: FEDERACION GALEGA DE REDEIRAS ARTESANS O PEIRAO NIF: G15969868 Cod. Exp.: 2024000029912 Obxecto: MOSTRA EXPOSITIVA DE TRABALLOS DE RECICLAXE DE REDES DE PESCA COMO FÓRMULA DE DIVERSIFICACIÓN ECONÓMICA NO ÁMBITO DAS REDEIRAS	4.500,00€	0,8000	5.625,00€

Beneficiario: FUNDACION SANTIAGO CENTRO, AREA COMERCIAL NIF: G15926496 Cod. Exp.: 2024000030344 Obxecto: Actividades de dinamización comercial e fidelización de clientes así como formación aos comerciantes. Anualidade 2024.	5.454,91€	0,8000	6.818,64€
Beneficiario: VIRATEC-CLUSTER GALEGO DE SOLUCIONS AMBIENTAIS E ECONOMIA CIRCULAR NIF: G02881563 Cod. Exp.: 2024000031154 Obxecto: EMPRENDENDO EN CIRCULAR 2024.	21.000,00€	0,8000	26.250,00€
Beneficiario: XUNTANZA DE EMPRESARIOS DE AMES NIF: G15895527 Cod. Exp.: 2024000030829 Obxecto: ACTIVIDADES PARA O 2024	4.680,00€	0,8000	5.850,00€

Total concedido 465.152,53€

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Cuarto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0510/4142/481, fase A, referencia número 22024005406, operación número 220240052974, importe: 465.152,53 €
Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Quinto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa de subvencións dirixido a entidades e asociacións empresariais da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024, as entidades sen ánimo de lucro seguintes polos motivos que se indican:

Solicitudes	Motivo
Beneficiario: A PONDEROSA ASO.P/PROM.E DESENV.MULLER E FAMILIAS DE ANXERIZ NIF: G15910656 Cod. Exp.: 2024000029697 Obxecto: XII XORNADA DO GRELO	Logo de ver os seus estatutos non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria xa que a entidade non forma parte dos ámbitos previstos: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio. Así mesmo, a respecto do obxecto cómpre observar que aínda que solicita para a XII Xornada do grelo, o contido da solicitude refírese a cursos de formación que non son subvencionables de acordo establecido nas Bases específicas da convocatoria
Beneficiario: ASOC DE EMPRENDEDORES SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: G70563911 Cod. Exp.: 2024000031158 Obxecto: Talleres de formación para mejorar la empleabilidad a colectivos vulnerables a mayores de 50 años, facilitando la utilidad de las herramientas tecnológicas y motivar a insartarse al mercado laboral con talleres de coaching, conocer el emprendimiento	O obxecto solicitado consiste nuns "Talleres de formación para mellorar la empleabilidade a colectivos vulnerables a maiores de 50 años". A formación non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio

	asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION CLUSTER GALLEGO INDUSTRIAL Y SERVICIO DE APOYO AL DESARROLLO DE ENERGÍAS RENOVABLES Y SOSTENIBILIDAD ENERGÉTICA NIF: G70284120 Cod. Exp.: 2024000031070 Objeto: CONGRESO SOBRE EL FORTALECIMIENTO ENERGÉTICO, ENERGÍAS RENOVABLES Y NUEVAS TECNOLOGÍAS (ENERDIXITAL 2024)	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinalanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de Nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION ALFOMBRA FLORAL DE ARES NIF: G15371669 Cod. Exp.: 2024000030988 Objeto: ALFOMBRA FLORAL ARES 2024	Desestímolo por transcurso do prazo legalmente establecido para atender o requirimento feito pola unidade xestora a respecto da solicitude de subvención neste programa.
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL DA FILLOA NIF: G70447404 Cod. Exp.: 2024000031264 Objeto: EXALTACIÓN DA FILLOA	Logo de ver os seus estatutos non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria, que exclúe as asociacións culturais. Non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria xa que a entidade non forma parte dos ámbitos previstos: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio.
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL ORIXES DA MONTAÑA NIF: G15923790 Cod. Exp.: 2024000030664 Objeto: CELEBRACIÓN DA "XII FEIRA DOS OFICIOS DA MONTAÑA", E XORNADAS DE ARTESANÍA.	Logo de ver os seus estatutos non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da convocatoria, que exclúe as asociacións culturais. Non é unha entidade que cumpra o requisito establecido na Base 5.- Entidades solicitantes, das específicas da

	convocatoria xa que a entidade non forma parte dos ámbitos previstos: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio.
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS ABESAI NIF: G70610894 Cod. Exp.: 2024000031014 Obxecto: PROXECTO FORMATIVO PARA A MELLORA DA PROFESIONALIZACION DO CAPITAL HUMANO 2024	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA NIF: G15366693 Cod. Exp.: 2024000031300 Obxecto: Conferencia e formación para o desenvolvemento económico de Ferrolterra.	Non atender o requirimento formulado por a unidade xestora Cómpre observar que o obxecto solicitado, "formación", non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE HOSTELERIA PROVINCIA A CORUÑA NIF: G15083215 Cod. Exp.: 2024000031271 Obxecto: XORNADAS EXALTACION	Desestimento

CENTOLA	
Beneficiario: ASOCIACION DE EMPRESAS GALEGAS DE SOFTWARE LIBRE NIF: G70128194 Cod. Exp.:2024000030894 Obxecto: Xornadas Competencias dixitais con Software Libre III	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION DE JOVENES EMPRESARIOS DE FERROL, EUME Y ORTEGAL NIF: G15912520 Cod. Exp.:2024000030003 Obxecto: FERROLTERRA EMPRENDE 2024	Aínda que a denominación do obxecto na solicitude, que é moi xenérica, semella ter cabida na convocatoria, do contido da solicitude resulta que as actividades descritas non teñen encaixe na convocatoria. A entidade solicita entre outros, formación en centros escolares, para emprendedores, networking (neste caso nin siquiera define a actividade concreta que se realiza, senón que o fai de forma xenérica). Esta convocatoria vai dirixida a subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de

	nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc). E cómpre lembrar que as Bases xerais indican que na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade para a que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver. Da denominación tampouco se deduce que actividades vanse desenvolver.
Beneficiario: ASOCIACION PARA RECUPERACION E DEFENSA,PRODUCCION E PROMOCION DA GALIÑA PIÑEIRA NIF: G70145586 Cod. Exp.:2024000029741 Obxecto: Monográficos de Galiña Piñeira 2024	Non estar ao corrente nas súas obrigas na AEAT (non se emendou no prazo de alegacións)
Beneficiario: ASOCIACION PRODUCTORES DE MADEIRA DA COMARCA DE FERROLTERRA NIF: G15235336 Cod. Exp.:2024000031119 Obxecto: EDICIÓN DE BOLETINS, TRIPTICOS E CHARLAS FORESTAIS	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION PUNTOGAL NIF: G70065107 Cod. Exp.:2024000030014 Obxecto: Ciclo de webinars: Impulsando os negocios na rede: presenza, seguridade e comercio para	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos

profesionais e PeMEs	típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ASOCIACION TRAINERS FOR THE FUTURE NIF: G70517388 Cod. Exp.: 2024000031296 Obxecto: Programa de capacitación en Intelixencia Artificial para docentes	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc). A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos da convocatoria.
Beneficiario: ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL DE NOGUEIRA NIF: G70542683 Cod. Exp.: 2024000031276 Obxecto: solicitude na convocatoria do programa de subvencións dirixido a entidades empresariais sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024(FOENAA)	A entidade non é de acordo aos seus estatutos unha entidade que forme parte dos ámbitos previstos nas bases específicas da convocatoria: non é un colexio profesional, nin unha entidade asociativa representativa dalgún sector profesional, comercial ou empresarial nin unha cámara de comercio. Está excluída ao tratarse dunha asociación de veciños e de mulleres En canto o obxecto, ademáis solicítase para cursos de formación que non son subvencionables.
Beneficiario: CECAP GALICIA, ASOCIACION GALEGA DE EMPRESAS DE FORMACION NIF: G15299027 Cod. Exp.: 2024000030072	O obxecto da subvención non é subvencionable nesta convocatoria. A entidade solicita para un "TALLERES/XORNADAS FORMATIVAS/ENCUNTROS/CONFERENCIAS", e inclúe no desglose do orzamento conceptos non subvencionables relativos á

Obxecto: TALLERES/XORNADAS FORMATIVAS/ENCONTROS/CONFERENCIAS	cursos, e formación, que non son subvencionables na convocatoria FOENAA/2024. Nesta convocatoria se subvencionan de acordo coa base 2.1 das específicas actividades como as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: COLEGIO DE INGENIEROS DE CAMINOS,CANALES Y PUERTOS NIF: Q2867009I Cod. Exp.:2024000030475 Obxecto: Gala de entrega de medallas ao mérito colexial de Galicia e conmemoración do ano Betancourt	O obxecto da solicitude non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo as Bases específicas da convocatoria o obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: COLEGIO DE INGENIEROS NAVALES Y	A actividade solicitada non está dentro dos obxectivos da convocatoria. A formación de determinados colectivos especializados

OCEANICOS NIF: Q2870003G Cod. Exp.:2024000030536 Obxecto: Promoción e divulgación de actividades de enxeñería naval e campos afíns en Galicia	nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos da convocatoria. Xa que logo estímase que o obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria que vai dirixida concretamente segundo o sinalado na Base 2 das específicas da convocatoria (BOP número 123 de 27/06/2024) á organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. En concreto, trátase de subvencionar as "accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostelería, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e distribución".
Beneficiario: COLEGIO DE INGENIEROS TECNICOS DE OBRAS PUBLICAS NIF: Q2867010G Cod. Exp.:2024000031093 Obxecto: XORNADAS DE EMPRENDEMENTO NA ENXEÑERÍA CIVIL 2024	A entidade solicita para XORNADAS DE EMPRENDEMENTO NA ENXEÑERÍA CIVIL 2024 que non é un obxecto subvencionable nesta convocatoria FOENAA/2024. A convocatoria correspondente ao ano 2024 vai dirixido a actividades que consistan en accións tendentes a de acordo coa base 2.1 das específicas das convocatoria, dirixidas a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución. Sendo as actividades a subvencionar a Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de

	nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc). Aínda que a entidade solicita para o concepto "Xornada", éstas son de emprendemento na enxeñaría civil, indicando, entre outros obxectivos, "fomentar o espírito emprendedor entre enxeñeiros civís e estudantes de enxeñaría civil ou motivar aos profesionais do sector para que desenvolvan proxectos innovadores e sustentables. Estes obxectivos non gardan relación coa finalidade prevista na convocatoria, xa que a solicitude presentada vai dirixida a un colectivo para a súa propia promoción , formación, capacitación (inxenería civil). A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos da convocatoria.
Beneficiario: COLEGIO DE MEDIADORES DE SEGUROS TITULADOS DE LA CORUÑA NIF: Q1576005A Cod. Exp.:2024000030549 Obxecto: XXXIV Xornada de Formación de Seguros - Formación e reciclaxe dos Mediadores de Seguros	O obxecto da subvención non é subvencionable nesta convocatoria A entidade solicita para "Xornadas formación seguros", e inclúe no desglose do orzamento conceptos non subvencionables relativos á cursos, e formación, que non son subvencionables na convocatoria FOENAA/2024. Nesta convocatoria se subvencionan de acordo coa base 2.1 das específicas actividades como as seguintes: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc). A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica

	lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos da convocatoria.
Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABAJO SOCIAL E ASISTENTES SOCIALES DE GALICIA NIF: Q1569016G Cod. Exp.:2024000031297 Obxecto: Subvención para proposta formativa 2024	O obxecto da solicitude non é subvencionable nesta convocatoria. A entidade solicita para "Subvención para proposta formativa 2024" que non é subvencionable nesta convocatoria FOENAA/2024. A convocatoria correspondente ao ano 2024 vai dirixido a actividades que consistan en accións tendentes a de acordo coa base 2.1 das específicas das convocatoria, dirixidas a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución. Sendo as actividades a subvencionar a Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc). Na convocatoria deste ano a formación non se inclúe nas actividades a subvencionar. A actividade solicitada non está dentro dos obxectivos da convocatoria. A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro dos obxectivos da convocatoria.

Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS AGRONOMOS DE GALICIA NIF: Q1571001E Cod. Exp.:2024000030542 Obxecto: OPORTUNIDADES DE EMPRENDEMENTO NA ENXEÑERÍA AGRONÓMICA 2024.	O obxecto da solicitude non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo as Bases específicas da convocatoria o obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: COLEGIO OFICIAL DE LA INGENIERIA TECNICA FORESTAL DE GALICIA NIF: Q6550034J Cod. Exp.:2024000030846 Obxecto: PROXECTO DE IMPULSO AO DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS PROFESIONAIS DA ENXEÑARÍA FORESTAL E A SÚA PEGADA NOS SECTORES FORESTAL, INDUSTRIAL E DO MEDIO AMBIENTE	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: COLEXIO PROFESIONAL XORNALISTAS DE GALICIA	Desestimento

NIF: Q1500262I Cod. Exp.:2024000029998 Obxecto: SEMINARIO PARA O FOMENTO DO EMPREGO NA COMUNICACIÓN EMPRESARIAL	
Beneficiario: FEDERACION EMPRESARIAL DE ASERRADORES Y REMATANTES DE MADERAS DE GALICIA NIF: V36639284 Cod. Exp.:2024000029279 Obxecto: participación na feira GALIFOREST 2024 (feira de recoñecido interés no sector forestal), para impulsar o desenvolvemento económico do sector da madeira e o lanzamento dunha campaña para fomentar o emprego no sector ao que representamos	O obxecto solicitado non é unha actividade subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo as Bases específicas da convocatoria o obxecto desta convocatoria é subvencionar accións tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, o fomento do emprego, o apoio ao comercio e a hostalaría, apoiando liñas de comercialización e promoción dos nosos produtos de calidade que permitan a penetración no mercado, mediante axudas á loxística e a distribución, por parte das entidades que forman parte dos seguintes ámbitos: Colexios profesionais, entidades asociativas e federativas representativas dalgún sector profesional, comercial ou empresarial e cámaras de comercio. Actividades a subvencionar: Organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido intereses turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos, revistas, guías, etc).
Beneficiario: ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE FERROL NIF: Q1563002C Cod. Exp.:2024000031088 Obxecto: CELEBRACIÓN DO II SEMINARI DE DEREITO LABORAL E DA SEGURIDADE SOCIAL DO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL	O obxecto solicitado non é subvencionable nesta convocatoria xa que de acordo coas Bases específicas (Base 2.1) entre as actividades a subvencionar sinálanse a "organización de xornadas, seminarios ou galas relacionados coa promoción económica da provincia. Festas de recoñecido interese turístico, feiras de artesanía, feiras de exaltación de produtos típicos da zona. Actividades de promoción, difusión e animación do comercio local (campañas de nadal, animación comercial en núcleos urbanos, decoración e animación en zonas comerciais, publicidade do comercio asociado, folletos,

	revistas, guías, etc). A formación de determinados colectivos especializados nunha ciencia ou técnica lévase a cabo con institucións propias para este fin. Este tipo de actividade no que se debaten e imparten cuestións propias de coñecementos especializados non están dentro do obxecto e obxectivos da convocatoria.
--	--

Sexto.- No cumprimento das obrigas contables establecidas no apartado f) do artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvención e consonte ao previsto no artigo 6.2 da Ordenanza xeral de Subvencións e transferencias da Deputación (BOP núm. 150, do 10 de agosto de 2021) a entidade beneficiaria deberá incorporar necesariamente á Memoria da Conta xeral do exercicio un estado demostrativo de todos os gastos realizados e dos ingresos obtidos especificamente para o desenvolvemento do proxecto ou actividade subvencionada, sexan de carácter público ou privado. Dita Memoria, xuntamente cos demais estados contables, deberá recibir a aprobación da asemblea ou órgano similar de representación.

Sétimo.- Publicar a presente resolución definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña a 27 de decembro de 2024